

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E O CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CiMUS) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: “INMUNOTERAPIA COMBINADA FRONTE AO CANCRO DE OVARIO: NOVAS APLICACIÓNS TERAPÉUTICAS BASEADAS NA ANTI-IL-6/IL-6R mAbs E TERAPIA CELULAR ADOPTIVA CON CÉLULAS NK (CIMULI)”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que Axencia Galega de Sangue, Órganos e tecidos (ADOS) formalizou, o día 22 de decembro de 2023, co Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) o instrumento convencional arriba referido, o prazo de vixencia deste é de catro anos a contar dende a data de sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata un ano adicional.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Materializar e regular a colaboración entre as partes para un proxecto de investigación titulado: “Inmunoterapia combinada fronte ao cancro de ovario: novas aplicacións terapéuticas baseadas na anti-IL-6/IL-6R mAbs e terapia celular adoptiva con células NK (CIMULI)”.

A finalidade do proxecto de investigación é o estudo de dúas novas estratexias terapéuticas fronte ao cancro de ovario quimiorresistente baseadas no uso de anticorpos monoclonais anti-IL6/IL6R e terapia celular adoptiva de células NK (terapia combinada).

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) de conformidade co previsto nos seus estatutos, aprobados por Decreto 142/2015, do 17 de setembro, é una axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Ley 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A ADOS ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesorería propios e autonomía na súa xestión, nos termos que precisen as leis e adscribírase á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, e ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e

tecidos, aplicando os criterios de calidade, vixente no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente coma polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherente á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes da mesma.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

Segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organización e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

O Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) creouse por acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 17 de febreiro de 2010, e forma parte da rede de centro de investigación cun novo modelo de organización e funcionamento, que constitúe o elemento fundamental da estratexia de I+D do proxecto CAMPUS VIDA (Campus de Excelencia Internacional, MEC-MICINN, 2009).

A misión do CiMUS consiste en realizar unha investigación básica de calidade contrastada co obxectivo de conseguir avances na prevención, entendemento e tratamento da enfermidade crónica.

O proxecto titúlase "inmunoterapia combinada fronte ao cancro de ovario: novas aplicacións terapéuticas baseadas na anti-IL-6/il-6R mAbs e terapia celular adoptiva con células NK (CIMULI).

Para o desenvolvemento do proxecto o equipo de investigación precisa de mostras de sangue denominadas Buffy-Coats. Para o proxecto utilizaranse unicamente aqueles buffys coats remanentes que non se vaian a empregar na preparación de unidades de plaquetas procedentes de persoas doadoras que firmasen o consentimento informado de ADOS no momento da doazón.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

